

# A FILOLOXÍA, A LINGÜÍSTICA, A LINGÜÍSTICA APLICADA E A TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN

na universidade española

*Ricardo Muñoz Martín*

FACTI- Estudis Universitaris de Vic

*Elena Sánchez Trigo*

Universidade de Vigo

Os estudos de postgrao do Instituto Universitario de Lenguas Modernas y Tradutores da Complutense foron, durante algún tempo, a única oferta no marco académico universitario español para a formación de traductores. Esta oferta ampliouse nos anos oitenta coa aparición das EUTI (Escolas Universitarias de Traducción e Interpretación) da Autónoma de Barcelona, de Granada e de As Palmas. Con todo, estes estudios (ó tratarse de diplomaturas, non de licenciaturas) non permitían a incorporación dos titulados a traballo que esixisen unha formación universitaria superior, xa que esta se define internacionalmente como un mínimo de catro anos de estudos de dedicación completa.

A implantación das novas licenciaturas de Traducción e Interpretación supuxo a incorporación ó panorama universitario español duns estudios que xa teñen prestixio en moitas universidades europeas e

nalgunhas americanas. Hoxe existen licenciaturas en Traducción e Interpretación nas Universidades de Alacante, Autónoma de Barcelona, Granada, Castellón, As Palmas, Málaga, Pompeu Fabra, Salamanca e Vigo. A estas, axiña se poderán sumar, entre outras, novas licenciaturas na Complutense, na Carlos III e, incluso, na Rovira i Virgili e na de Valencia. Tamén as Universidades privadas, como a de Comillas, Alfonso X e os Estudis Universitaris de Vic, incorporaron estes estudios na súa oferta académica. Polo tanto, son once as licenciaturas que existen na actualidade, e axiña poderán chegar á vintena.

Se, en xeral, se pode afirmar que as cifras de matrícula están descendendo nas Filoloxías -e de forma dramática nalgunhas delas como é o caso da Filoloxía Francesa-, as licenciaturas de Traducción e Interpretación están vivindo o proceso contrario. Esta situación crea problemas tanto para as licenciaturas en

Filoloxía coma para as de Traducción. Por iso nos parece interesante analiza-las causas deste cambio de tendencia no estudiantado e presenta-lo que é, ó noso parecer, o fío de Ariadna que nos permita solucionar algúns problemas existentes e evitar que se presenten outros.

A calidade da tradución e a interpretación vai mellorar moito nos próximos anos, maiormente se se consegue suficiente protección legal da profesión e se vai gañando a batalla e o mercado ó intrusismo profesional, que na actualidade acada cotas arrepiantes. Sen embargo, o alto grao de especialización que caracteriza os estudos de tradución fainos corre-lo risco de crear unha bolsa histórica de desemprego semellante á dos licenciados en medicina. O noso obxectivo é invitar a un debate e, para isto, en primeiro lugar abordarémo-lo de senvolvemento das disciplinas implicadas neste proceso, tanto desde unha perspectiva xeral coma desde a evolución das mesmas en España. Nun segundo momento, presentarémo-lo seu reflexo no ámbito académico.

## 1. OS AVATARES DA FILOLOXÍA

Orixinalmente, o termo "filoloxía" referíase ó estudio dunha cultura a través da súa literatura, concepto que se mantén vivo nas filoloxía clásicas. No Romanticismo, os filólogos da Europa Central comezan a estudiar os primeiros estadios das súas propias linguas como un fin en si

mesmo, e non como ferramenta para profundizar nas súas literaturas, polo que lle chamarán "lingüística" (linguistik, Sprachwissenschaft) ó que facían, para distinguirse, deste xeito, dos estudiosos do grego, o hebreo e o latín.

En *La estructura de las revoluciones científicas* (1962), Thomas Kuhn argumentou convincentemente que, en cada período da historia, o pensamento sobre un tema concreto está condicionado por un sistema máis ou menos coherente de ideas que proceden doutro campo do saber con recoñecido prestixio social. Estas ideas recibidas non son maiormente premisas explícitas dunha teoría científica dada, senón máis ben presupostos implícitos que limitan o abano de hipóteses que se formulan no campo que as adopta.

A filoloxía do século dezanove é filla de dúas ciencias de gran prestixio neste século:

a) A física mecánica, da que se colleu a idea de que todo fenómeno pode ser descrito con leis deterministas simples. En filoloxía isto aplicouse á descripción da historia dos cambios de sons das linguas, expresados con leis que explican un número grande de ocorrencias; este é, por exemplo, o caso da lei de Grimm.

b) A teoría da evolución biolóxica por selección natural das especies, que ten como froito filolóxico a teoría xenérica das linguas, e Schleicher e Schmidt son os seus máximos representantes.

Cando se aproximaba o cambio de século, ainda se podía escouita-la voz de Hermann Paul (1880, 20) insistindo en que a aproximación histórica era a única posible para o estudio das linguas. Co desenvolvemento da investigación, os estudiosos comenzaron, cada vez máis, a contempla-lo corpus da filoloxía como unha colección de datos sobre cambios fonolóxicos ocorridos por razóns escuras e que non parecían levar a ningún lado. Se había un método axeitado para o estudio das linguas, este non parecía que fose o histórico. Hoxe estamos todos de acordo en que o estudio das linguas, este non parecía que fose o histórico. Hoxe estamos todos de acordo en que o estudio da comunicación permite e require varias aproximacións, todas elas válidas, pero distintas.

Arredor de 1900 producíronse grandes cambios na aproximación ós estudos das linguas. Estes cambios realizaronos nos EE.UU. Franz Boas (1858-1942) e Leonard Bloomfield (1887-1949), e asemade en Europa, pero de forma independente, os cambios aparecen con Ferdinand de Saussure (1857-1913). Ó abeiro da incipiente socioloxía produciuse un tránsito, máis ou menos abrupto, desde a aproximación histórica ata o estudio das linguas como sistemas de comunicación, tal como se dan nun momento determinado da historia: a lingüística *sincrónica*.

A primeira metade do século contempla a hexemonía das aproximacións descriptivas e conductistas, nos EE.UU., e do estructuralismo, en Europa.

Rematando os anos cincuenta e a primeiros dos sesenta xorde a gramática xenerativa, que lle daría un pulo notable á lingüística sincrónica e se superporía así definitivamente á filoloxía. Esta nova situación plasmaríase na aparición das licenciaturas en lingüística nos EE.UU., trala Segunda Guerra Mundial, e en Europa, algo despois.

O xenerativismo nace mantendo os seus iniciadores diferencias fundamentais sobre a natureza da linguaxe e sobre cal debía ser o obxectivo de estudio (R. Lakoff, 1989, 944-946). No remate dos sesenta e a primeiros dos setenta -cando as aproximacións de Chomsky e os seus seguidores varrían as dos seus antecesores e acadaban algunha hexemonía na lingüística-, comezaba o cisma coa separación da semántica xenerativa. Esta -que despois evolucionaría ata a pragmática estadounidense, como hoxe a coñecemos- iníciase cos traballos dos que foron acumados como "catro xinetes do Apocalipse": George Lakoff, James McCawley, Paul Postal e John Robert Ross. Por outra banda, comezaba os seus experimentos William Labov, que publica en 1972 *Sociolinguistic Patterns*, e crea escola: a da sociolingüística estadounidense. John Gumperz e Dell Hymes fundaban a lingüística antropolóxica, que pouco despois daría lugar á análise da conversa, con Sachs e Schegloff.

En Europa, sen embargo, a gramática xenerativa tarda en encontrar adeptos, maiormente porque os esforzos dos estudiosos da linguaxe andaban por camiños moi distintos: o da lingüística

contextual, no Reino Unido, con Firth; o da gramática do texto, en Alemania; e o da semiótica e a deconstrucción, en Francia e Italia, respectivamente. A Unión Soviética participaba máis ou menos en tódalas tradicións. Todas estas perspectivas estaban más próximas ós que criticaban a gramática xenerativa ca a esta escola, e hoxe comezan a acercarse as posturas a ambos lados do Atlántico.

## 2. A INVESTIGACIÓN SOBRE A TRADUCCIÓN

A investigación sobre traducción comeza moito máis tarde e estivo, por consecuencia, máis conectada coa evolución lingüística, quizais pola maior facilidade dos investigadores no acceso a textos noutras linguas. As perspectivas sobre a traducción pasaron por tres fases máis simultáneas ca sucesivas e están entrando na cuarta (Muñoz, no prelo). Ímonos referir, brevemente, a isto.

Comézase cunha aproximación monádica (De Mey, 1982). Este estadio sobre os períodos empírico e hermenéutico de Steiner (1975, 236 e seguintes) e o que Hurtado Albir (1994, 25) denomina a etapa "preteórica". As tendencias predominantes neste primeiro período son o prescriptivismo, un modelo de proceso en dúas fases e a traducción palabra por palabra. Estúdianse os problemas que causan unidades lingüísticas illadas e debátese sobre a fidelidade.

A segunda aproximación é a estructural, que comeza e remata co estructuralismo e as sucesivas versións da gramática xenerativa<sup>1</sup>. Neste estadio achégase a traducción á lingüística, sobre todo á contrastiva, e xorden os estudios modernos sobre traducción, con Vilnay e Darbelnet (1958), Nida (1964) e Catford (1965). As discusións cétranse no polémico concepto de equivalencia, créase o modelo de proceso en tres fases e comeza o desenvolvemento da traducción automática.

Mediando os setenta, os investigadores rexeitan os paradigmas estructuralista e xenerativo e adoptan unha perspectiva contextual, coa pragmática e a gramática do texto (coa que podíamos chamar "escola de leipzig": Kade, Neubert, etc, e Holz-Mäntlari, Nord, Willss, Reiss mais outros, na antiga RFA), coa análise do discurso e a semiótica e coa francófona "escola do sentido" (Seleskovitch, Delisle, Lederer, etc.). A investigación sobre a traducción alíñase, deste xeito, cos recentes avances e aproxímase á teoría da comunicación. Preséntanse modelos de proceso máis complexos, como os de Stein (1980) e Nord (1991). Un dos puntos máis debatidos é o da unidade da traducción, aínda que se manteñen abertas discusións como a da equivalencia e xa se tende á profesionalización das tarefas de traducir e interpretar. Un resumo bo deste período atópase no libro de Hetim

1. Sobre o carácter cripto-estructuralista da gramática transformacional, v. Givón (1979, cap. 1)

e Mason, *Discourse and the Translator* (1990)<sup>2</sup>.

Hoxe os estudos comezan a reorganizarse internamente e céñtranse no proceso, seguindo a psicolingüística e a lingüística cognitiva (Beaugrande, Bell, Bult, Krings, Lewadowska-Tomaszczyk, Lörcher, Tirkkonen-Condit, etc.), e están fortemente ancorados no uso e na comunicación. Obsérvase tamén a integración entre os estudos lingüísticos e os literario-culturais (coma no caso da "escola da manipulación", de Hermann, Holmes, Lambert, Snell-Hornby, Toury, etc.), dentro dun amplo esquema que se vén denominando "Translation Studies". As obras de Schogt (1988) e Tabakowska son un exemplo desta tendencia actual. Con esta nova orientación preténdese supera-lo hiato creado pola ansia de respectabilidade científica xurdida nos anos cincuenta e sesenta, que pretendendo a obxectividade marxinou do estudio todo texto que non fora estrictamente formalizable.

A pesar do dito, estes avances non acaban de chegar ó gran público. Por iso non é estranxo que os traductores pensen que a lingüística non ten nada que lles ofrecer, e que a rexeiten; ás veces, con acritude:

I have an allergy to fields that don't yet

have theirjargon under contr-ol, and linguistics gives me the impression that it's one of those [...].

The fields of linguistics showed signs of terminal illness and degenerated into mental onanism some time around the early 60s, and consequently, as do other of the pseudosciencies of which it became a member, largely deserves the discredit it has received.

I'm still ivaiting for the big day when Procter & Gamble expresses an interest in generative phonology or the origin of the Germanic dental preteilte.<sup>3</sup>

Os comentarios deste tipo hainos que interpretar como síntoma de que estivemos andando por un camiño que non é o máis axeitado para a traducción.

Na actualidade segue peocupando, con todo, a definición da disciplina e as súa inserción nos estudos da lingua<sup>4</sup>, e moitas veces acódease ó concepto de interdisciplinariedade. A multiplicación de minicismas e a propia complexidade do obxecto de estudio orixinaron unha situación tal, que hoxe é rara a persoa que pode afirmar que, para a resolución das súas coitas, bebe soamente dunha fonte. Pero, na nosa opinión, o problema está en que isto más ca interdisciplinariedade é confusión, que se deriva do feito de cuestiona-lo paradigma dominante ata os anos setenta e que

2. Este libro traduciuno ó español, recentemente, Salvador Peña, co título *Teoría de la traducción. Aproximación al análisis del discurso*, Barcelona, Ariel, 1995.

3. Comentarios recollidos por Dohler (1995)

4. v., por exemplo, os artigos de Leuven-Zwart, Hornby e Lambert, en Leuven-Zwart e Naaijkens (1991), ou de Amparo Hurtado (1994), ou o libro de Peña, e Hernández Guerrero (1994).

sacode tódolos estudos da linguaxe e os do seu ámbito. O problema está en que o estructuralismo e o xenarativismo se apartaran dos propósitos básicos dunha ciencia: a investigación, descripción, emulación experimental e explicación teórica dun fenómeno; pois reduciran a priori os fenómenos que había que estudiar, ó abusar do formalismo na teoría e ó desvaloriza-la noción de explicación (Givon, 1979,2).

Afirma Kuhn que nestas situacions é cando ocorren os maiores e mellores avances nunha disciplina. Se nos limitamos á traducción e interpretación, sabemos que ata mediaños anos setenta áinda se podía ler todo o salientable. Pero hoxe xa non é o mesmo. *Target, Language, International, Translation and Terminology, Séndebar,* e outras publicacións, soamente son as más famosas publicacións periódicas, que se suman ás xa clásicas *Babel* e *Meta*. Públiganse novas coleccións que poñen na rúa varios libros cada trimestre. E apórtanse perspectivas distintas e enriquecedoras, case sempre más rigorosas cás da produción anterior. Nos se trata, pois, de esvaece-las fronteiras da lingüística, senón de redefinilas para acoller unha multitud de perspectivas que xa non se poden considerar marxinais nin externas.

En tradución e interpretación, en España, estamos dando os primeiros pasos, pois xa abordan os estudiosos que comezan a investigar no ámbito destas materias. O momento é axeitado para establecer unha base sólida que corrixa

os antigos errores. Xa é horas de que se fagan preguntas, como a pertinencia ou non da división entre sincronía e diacronía, ou a idoneidade dun obxecto de estudio artificial e arbitrariamente reducido (a competencia dun falante ideal descontextualizada e sen interacción), que permitiu o desenvolvemento de formalismos esaxerados e a substitución da explicación dun fenómeno pola súa descripción, aínda que esta sexa clara, elegante e económica.

Se ó iniciar unha liña de investigación é axeitado, seguindo o procedemento científico, illa-lo fenómeno e reduci-las variables para estudalo en condición de laboratorio, os pasos seguintes sempre tentan aproxima-lo fenómeno á súa natureza completa. Noutras ciencias sociais non ocorre o divorcio que mantén a lingüística entre teoría e aplicación, porque se entende que o obxecto básico dunha teoría é explica-lo fenómeno e atoparlle unha utilidade ó descuberto.

A maioría dos que nos dedicamos á traducción en España traballamos na universidade. Por iso, despois deste esbozo xeral, por forza superficial e polémico, imos olla-lo que ocorreu no noso país e o seu influxo no ámbito académico.

### 3. A FILOLOXÍA EN ESPAÑA

A filoloxía tarda en cruzar os Pirineos. Se a España do dezanove

carecía de estudos comparatistas e historicistas, no século XX -cando o resto do Occidente migra á lingüística- irrompe no panorama intelectual español a poderosa figura de don Ramón Menéndez Pidal (1869-1968), que representaba o rigor científico do positivismo e a actitude ética da xa mítica Institución Libre de Enseñanza. En 1893 publícase o traballo de Menéndez Pidal sobre o Poema de Mío Cid, e en 1990 comézase a traballar no Centro de Estudios Históricos.

Paralelamente, en 1907, inaugúrase o Institut d'Estudis Catalans, no que en 1911 se fundaría unha sección dedicada ós estudios filolóxicos. En catalán (e nalgúnsas linguas eslavas, como o checo) ós afáns historicistas súmanse os normativos, dos que son obras cumes as de Mossén Antoni María Alcover e Pompeu Fabra, e despois as de Joan Corominas e Manuel Sanchis Guarner.

Na primeira metade do século XX hai algúns estudos descritivos, como os de Samuel Gili Gaya, pero a investigación sobre as linguas xira en España ó redor dos estudos históricos ou dos dialectais. O inmenso labor do Centro de Estudios Históricos rómpese, coa guerra civil, e moitos membros desta institución exílianse e botan a semente da súa escola en Latinoamérica, primeiro na Arxentina e despois en México. Os lingüistas españoles formados nos anos corenta con Dámaso Alonso e Rafael Lapesa, como Emilio Alarcos Llorach, Manuel Alvar, Fernando Lázaro Carreter, Félix Monge, e outros, seguen ancorados

no historicismo, aínda que xa tenden ós estudos teóricos.

É Dámaso Alonso quen, nun curso de verán en 1934, introduce a Saussure en España, e quen, en 1945, publica en Bos Aires a súa tradución do *Curso de lingüística general*. Alarcos Llorach publica a súa *Fonología española* en 1950, influenciada pola glossemática danesa, e en 1951, a súa *Gramática estructural*. Segundo la Escuela de Copenhague y con especial atención a la lengua española. Tamén aparecen na editorial Gredos a *Teoría del lenguaje* e a *Lingüística general*, de Eugenio Coseriu. O estructuralismo europeo triunfa en España e entronca coa tradición historicista e dialectolóxica.

A primeira revista dedicada á investigación das linguas e literaturas desde o punto de vista sincrónico é *Filología Moderna*, que aparece en 1960, ou sexa, entre a publicación das obras de Chomsky, *Syntactic Structures* (1957) e *Aspects of the Theory of Syntax* (1965). Tamen por estas datas comeza a publicación do *Diccionario histórico de la lengua española*. A influencia estranxeira predominantte en España procede da obra *La teoría del lenguaje*, de Karl Bühler (1879-1963). Resulta interesante saber que Alcina e Blécua (1991-180) creñen que a obra de Bühler estaba traducida ó español.

O xenerativismo comeza a divulgarse a primeiros dos setenta, pero haberá que esperar ós anos oitenta para que se produza un tímido crecemento da

Asociación Española de Lingüística Aplicada, que aínda hoxe é unha organización modesta.

#### 4. OS ESTUDIOS UNIVERSITARIOS

A particular evolución do estudio da lingua en España ten o seu reflexo inmediato no deseño dos plans de estudos universitarios. Nas licenciaturas en filoloxía predominan os contidos históricos e literarios. Soamente no remate dos anos sesenta, concidindo coa popularización dos estudos universitarios en España, se comeza a incluír nas devanditas licenciaturas os estudos sincrónicos. Abonde lembrar que cando morreu Franco (1975) soamente había en España catro cátedras de Lengua Española (Alcina e Blécua, 1991, 166).

Nos anos setenta os estudios lingüísticos viven un período de expansión, polo que se multiplican as licenciaturas en Filoloxía de diferentes linguas, que por forza teñen que incluír un estudio da lingua “per se” no seu estado actual. Desde mediados dos setenta ata a fin da transición democrática florecen os estudos de filoloxía, polo menos en canto a cifras de matrícula. Sen embargo, nos plans de estudos pouco se reflectían os cambios producidos nos investigadores, que agora se esforzaban por comprender-lo pensamento das novas escolas. O que se facía era aglutina-las novas perspectivas e aliñalas coas anteriores.

Probablemente, e en contra do que ó primeiro puidese parecer, quizais sexa unha sorte que o devandito proceso se desenvolvese da maneira descrita. Por iso en España non ocorreron os cambios de paradigma traumáticos que se sufriron noutros lugares. Tamén se evitou que se chegase a un grao de especialización que fai que os que adoptan perspectivas diferentes non se entanden, a pesar de sermos todos estudiosos da linguaxe. Pero o hiato entre o deseño curricular e a súa correspondencia coas saídas profesionais aumentaba cada día, polo que a meirande parte dos estudiantes de Filoloxía soamente atopaban unha saída profesional no Ensino Secundario. Unha proba disto foi a aparición do Curso de Adaptación ó Profesorado (CAP), que serviu máis para cubri-lo expediente ca para familiarizarse cos rudimentos pedagóxicos necesarios para impartir clases, de lingua ou de calquera outra rama do saber.

#### 5. O MODELO DE UNIVERSIDADE

A estas consideracións hai que lles engadir outra de carácter más xeral: o modelo español de Ensino Superior foi, durante décadas, o da universidade de masas; e o obxectivo desta, o da difusión ampla da cultura e os coñecementos.

Este foi o patrón que seguiron os países mediterráneos europeos e os latinoamericanos, do que é un bo exemplo a Universidade Autónoma de México, pero que pouco a pouco se foi deixando. Este abandono debeuse, en

parte, a que co devandito patrón non se cumpriron os obxectivos programáticos de eleva-lo nivel cultural da poboación en xeral, e tamén a que o modelo anglosaxón de universidade profesional se adaptou mellor ós tempos que corren.

Pero seríainxusto desprezar un proxecto de universidade que, de maneira efectiva, contribuíu non soamente a eleva-lo nivel cultural das clases medias, senón tamén a crear en España varias xeracións de profesionais que hoxe están no cumio social, gracias ós seus coñecementos, ós seus esforzos e ós seus resultados. Ademais, o devandito modelo, naquel momento, tiña un custo baixo, polo que resultaba atractivo para un Estado que non dedicaba moitos cartos nin á cultura nin á investigación. Pódese afirmar que se hoxe hai universidade é gracias ós estudos de carácter xeral, como xeografía e más historia, medicina e más odontoloxía, e a categoría académico-administrativa de filoloxía, punto de partida e foro daqueles a quen lles interesaba a filoloxía, a literatura, a lingüística, o ensino das linguas, a traducción, o xornalismo, a terminoloxía, a biblioteconomía ou a documentación, entre outras.

A universidade española está cambiando, polo menos nominalmente, e hoxe aspira a formar profesionais especialistas. Somos moitos os que pensamos que hai que moderniza-la universidade española, e non soamente nas súas formas, pero tamén cremos que non se pode romper coa tradición intelectual dun país. Poida que sexamos maioría os que

defendemos un modelo mixto como reflexo dos intereses e das necesidades dun país calquera, non soamente do noso. Se, por unha banda, parece conveniente separar das licenciaturas de Filoloxía varias especialidades para concilia-la realidade do saber coa académica e administrativa, como ocorreu primeiro con xornalismo, despois con biblioteconomía e documentación, con traducción e interpretación e, recentemente, coa creación na Universidade de León da primeira licenciatura en Lingüística de España; tamén é beneficioso para todos manter uns estudos que, como especialidade (lingüística histórica ou filoloxía propiamente dita), complementan esoutras aproximacións ó estudio da lingua xe.

Cómpre tamén manter ou refunda-los estudos de carácter xeral. Non se poden imponer vocacións específicas, nin hoxe existen todas e as mesmas profesións que existirán dentro de vinte anos. Unha proba do interese que aínda suscitan os estudos de carácter xeral é a recente creación de varias licenciaturas de humanidades, que son más ou menos herdeiras, segundo a universidade de que se trate, da antiga licenciatura de Filosofía e Letras.

A formación de traductores e intérpretes ten hoxe máis que ver coa mentalidade asociada ó xornalismo e a administración de empresas, ca coa asociada á literatura e ás belas artes. A investigación sobre a traducción está hoxe máis próxima a ciencias sociais como a psicoloxía e a socioloxía, e a estudos non exclusivamente centrados

na linguaxe natural, como a semiótica, ca a estudios descriptivos sobre a estrutura da lingua. Non nos pode sorprender, polo tanto, que nalgúns universidades, coma na hebrea de Xerusalén, os estudos de tradución se desprazasen, xa no 1980, do seu lugar entre as Humanidades, ó departamento de Estudios sobre a Comunicación, ubicado na Facultade de Ciencias Sociais (Amit-Kochavi, 1992).

Pero esta, ás veces, emigración masiva dos estudiantes desde filoloxía a traducción e interpretación é dobrente prexudicial: porque reduce o número de candidatos á sólida formación intelectual que ofrecen as filoloxías, formación que segue sendo igualmente necesaria na actualidade e que as licenciaturas en Traducción e Interpretación non aspiran a ofrecer, e porque o mercado da traducción en España non pode acoller a tantos licenciados en Traducción e Interpretación que, segundo parece, van xurdir das nosas aulas.

O que ocorre, en realidade, é que os estudiantes que desexan traballar no Ensino Secundario, quizais o grupo máis numeroso, e algúns outros que no pasado cursaron estudos de filoloxía, por se-los máis próximos ós seus intereses, hoxe consideran que a licenciatura de Traducción e Interpretación se axeita máis ós seus obxectivos. As novas licenciaturas herdan, polo tanto, uns estudiantes "emprestados", que seguen esperando a

creación de estudos en linguas aplicadas orientados ó Ensino Secundario ou Superior; do mesmo xeito, por exemplo, en que existen para o Maxisterio estudos de postgrao para especializarse no ensino de linguas.

Se se comparan os plans de estudos das Filoloxías e de Traducción e Interpretación, advírtese certo grao de superposición, máis modesto se se consideran as distintas aproximacións óptimas en cursos de nomenclatura similar. Non se trata, polo tanto, de dividi-lo campo da linguaxe nunha serie de reinos de Taifas, o que sería prexudicial para todos, senón de artellalas posibilidades nunha oferta múltiple que responda á demanda social. Unha separación dos estudos, ou sexa, a implantación de licenciaturas en ensino de linguas, en literatura comparada, en filoloxía propriamente dita, en humanidades e a xeneralización de licenciaturas en lingüística aumentaría a oferta universitaria, e respondería mellor ás necesidades dun Estado moderno occidental no século XXI, o que tamén permitiría un máis rico debate sobre o fenómeno da linguaxe en tódalas súas facetas. Porque com afirma Geoffrey Sampson (1980, 10):

O perigo maior na investigación non está no feito de que un individuo non chegue a dominar o pensamento dunha determinada escola, senón no de que unha escola chegue a dominar o pensamento dun individuo.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- Alcina Franch, Juan, e José Manuel Blécuia (1991): *Gramática española*, 8<sup>a</sup> ed., Barcelona, Ariel.
- Amit-Kochavi, Hannah (1992): "Moving Translator Training from the Humanities to the Social Sciences: an Israeli Case Study", en Cay Dollerup, e Anne Loddegaard (eds.): *Teaching Translation and Interpreting. Training, Talent and Experience*, Amsterdam, John Benjamins, pp. 93-97.
- Catford, J.C. (1965): *A Linguistic Theory of Translation*, London, Oxford U.P.
- De Mey, Marc. (1992): *The Cognitive Paradigm*, snd. ed., Chicago, Univ. of Chicaco Press.
- Dohler, Per. (1995): "The Linguist's Den", *The ATA Chronicle*, XXIV/2, February 1995.
- Givón, Talmi (1979): *On Understanding Grammar*, Oriando (FL), Harcourt Brace Jovanovich.
- Hurtado Albir, Amparo (1994): "Perspectivas de los Estudios sobre la Traducción", en Amparo Hurtado Albir: *Estudis sobre la Traducció*, núm. 1, Castelló, Publicacions da Universitat Jaume I.
- Hatim, Basil, e Ian Mason (1990): *Discourse and the Translator*, London,, Longman.
- Kuhn, Thomas S. (1962): *The Estructure of Scientific Revolutions*. Internaciona Encyclopedia of Unified Science, 2/2, Chicago, University Press.
- Labov, William (1972): *Sociolinguistic Patterns*, Philadelphia, Unniv. of Pennsylvania Press.
- Lakoff, Robin Tolmach (1989): "The Way We Were; or The Real Actual Truth about Generative Semantics", *Journal of Pragmatics*, 13, pp. 939-88.
- Muñoz Martín, Ricardo: *Lingüística para traducir*, Teide (en prensa).
- Nida, Eugene (1964): *Towards a Science of Translating*, Leiden, E.J. Brill.
- Nord, Christiane (1991): *Text Analysis in Translating*, Leiden, E.J. Brill.
- Paul, Hermann (1880): "Geschichte der Germanischen Philologie", en Hermann Paul (ed.): *Grundriss der Germanischen Philologie*, vol. 1, Strasburg, Karl J. Trübner.
- Peña, Salvador, e Hernández Herrero, María José (1994): *Traductología*, Málaga, Universidad de Málaga.
- Sampson, Geoffrey (1980) *Schools of Linguistics*, Stanford, Univesity Press.
- Schogt, Henry G. (1988): *Linguistics, Literary Analysis, and Literary Translation*, Toronto, University Press.
- Stein, Dieter (1980): *Theoretische Grundlage der Übersetzungswissenschaft*, Tübingen, Narr.
- Steiner, Geroge (1975): *After Babel*, Oxford, University Press.
- Tabakowska, Elzbieta (1993) *Cognitive Linguistics and Poetics of Translation*, Tübingen, Narr.
- Vinay, S. P. e J. Darbelnet. (1958): *Stylistique comparée du français et de l'anglais*. Paris, Didier.